

NOTIFICACIÓN RESOLUCIÓN

D/D^a CONCELLO DE CARBALLO
PRAZA DO CONCELLO S/N
15100 Carballo A Coruña

Poño no seu coñecemento que a Alcaldía/Presidencia desta Entidade Local, en data 11-09-2017, ditou a resolución con número 2133/2017 que deseguido lle notifico:

RESOLUCIÓN

BASES PARA A PROVISIÓN, EN RÉXIME LABORAL TEMPORAL POR OBRA OU SERVICIO DETERMINADO, DO PERSOAL DO OBRADOIRO DE EMPREGO “REVALORIZACIÓN DE ESPAZOS URBANOS”.

Aprobación.

Vista a orde do 29 de marzo de 2017 polo que se establecen as bases reguladoras das axudas e subvencións para o fomento do emprego a través dos programas mixtos de emprego e formación da Comunidade Autónoma de Galicia (DOG núm. 70, de 10 de abril de 2017) dirixidos a mellorar a empregabilidade, a cualificación e inserción profesional das persoas mozas incluídas no ficheiro do Sistema Nacional de Garantía Xuvenil no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia e se procede a súa convocatoria para o ano 2017 (TR35320).

En data 25 de agosto de 2017 a xefatura territorial da Coruña da Consellería de Economía, Emprego e Industria da Xunta de Galicia, aprobou o outorgamento a este Concello (núm. rexistro 201700000003259) dunha subvención para o financiamento dos custos de formación profesional para o emprego e os salarios derivados dos contratos de traballo que se subscriban co alumnado e co equipo directivo e docente para a realización do proxecto Obradoiro de Emprego “Revalorización de Espazos Urbanos” dirixido a mozos/as, incluídos/as no fichero do Sistema Nacional de Garantía Xuvenil, por un importe de cento doce mil cento cincuenta euros con noventa e dous céntimos (112.150,92).

Procede, polo tanto, seleccionar aos/ás traballadores/as con arreglo ás bases oportunas.

De acordo coas atribucións que confire á Alcaldía o artigo 21 da lei 7/1985 de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local, pola presente.

Por todo anterior, RESOLVO:

Primeiro.- Aprobar as seguintes bases para a selección do alumnado e do persoal directivo e docente para a realización do proxecto do obradoiro de emprego “Revalorización de espazos urbanos”. Este programa mixto de formación e emprego vai dirixido a mellorar a empregabilidade das persoas desempregadas

"Bases

Primeira.- Obxecto

A través do procedemento de selección que se sinala nestas bases e, de conformidade co disposto na Lei 7/2007, de 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público, a Lei 7/1985, de 2 de abril, o Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril, o Decreto Legislativo 1/2008, de 13 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da lei da función pública de Galicia, e demais disposicións de pertinente aplicación, o obxecto desta convocatoria é a contratación laboral temporal do seguinte persoal para a xestión e desenvolvemento do obradoiro:

- un/unha director/a (**Anexo I**),
- un/unha docente para a impartir o certificado de profesionalidade de Traballos de Carpintería e Moble (MAMD0209) de nivel 1 (**Anexo II**)
- un/unha titor/a de educación secundaria obrigatoria (educación básica)(**Anexo III**).
- doce (12) alumnos/as traballadores/as inscritas no ficheiro nacional de garantía xuvenil no ámbito da comunidade autónoma de Galicia (**Anexo IV**)

O importe total da subvención concedida corresponde a cento doce mil cento cincuenta con noventa e dous céntimos (112.150,92 €).

Segunda.- Modalidade de contratación e duración do contrato

A modalidade contractual que se aplicará para o persoal docente e directivo será a dun contrato de traballo de duración determinada por obra ou servizo. A relación contractual co persoal rexerá pola normativa sobre contratación laboral temporal.

O alumnado será contratado mediante a modalidade de "contrato para a formación e o aprendizaxe", desenvolto según a disposición adicional primeira do Real Decreto 1529/2012, do 8 de novembro, na que tamén se establecen as bases da formación profesional dual

A contratación do persoal será pola duración total do obradoiro e que comprenderá dende o 29 de setembro de 2017 ata o 28 de marzo de 2018 (6 meses).

Todo o persoal será contratado a xornada completa EXCEPTO o/a mestre de ensino que terá un contrato a media xornada.

Cuarta.- Convocatoria.

En cumprimento co Artigo 11- Procedemento de selección do persoal de dirección, docente e administrativo-da Orde do 29 de marzo de 2017 (DOG núm. 70 de 10/04/2017), da Consellería de Economía, Emprego e Industria, no seu apartado 4) na que se establece "a selección do persoal de dirección docente e administrativo o grupo de traballo mixto establecerá o procedemento selectivo, podendo utilizar oferta de emprego tramitada pola oficina de emprego, convocatoria pública ou ambas as dúas", o Concello de Carballo presentará, no Servizo Público de Emprego de Galicia, unha oferta para a selección do persoal. Para dar cumprimento ao apartado 6) do citado artigo "a selección definitiva deberase realizar entre as persoas preseleccionadas pola oficina de emprego, debendo considerar, na medida do posible, tres candidatos/as por posto.

Os/as demandantes de emprego preseleccionados/as, pola oficina de emprego de Carballo, serán informados/as e convocados/as para participar no proceso de selección (pola oficina de emprego) unha vez presentada a oferta de emprego. O alumnado, equipo docente e directivo deberán presentar, por calquera das vías establecidas no artigo 16.4.da lei 39/2015 do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, a documentación que consideren oportuna na data fixada para o proceso de oposición (entrevista) co obxecto de ser valorada polo grupo mixto segundo o baremo publicado nestas bases.

Quinta.- Lista admitidos/as. Data e lugar de celebración dos exercicios.

Todos/as os/as aspirantes preseleccionados/as pola oficina de emprego para esta convocatoria serán admitidos/as no proceso de selección en curso, pendentes da comprobación e verificación da información aportada polo servizo de emprego galego (SPEG).

Os diferentes procesos de selección celebraranse no Fórum Carballo nas seguintes datas:

Data de Celebración	Posto ofertado	Fase
Venres 15/09/2017 ás 10.00h.	Director/a	Concurso-Oposición
Venres 15/09/2017 ás 11.00h.	Mestre de traballos de carpintería e moble	Concurso-Oposición
Venres 15/09/2017 ás 12.00h.	Mestre de educación secundaria básica	Concurso-Oposición
Martes 19/09/2017 ás 10.30h.	Alumnado-traballador/a	Concurso-Oposición

Sexta.- Tribunal cualificador.

Segundo a orde do 29 de marzo de 2017 no seus artigos 10 e 11) Procedemento de selección dos alumnos e alumnas e procedemento de selección do persoal de dirección e docente- no seu apartado 1 establécese que a “selección do persoal será realizada por un grupo de traballo mixto constituído para tal fin por *representantes da Consellería de Economía, Emprego e Industria e da entidade promotora. A presidencia do grupo de traballo mixto recaerá na persoa representante da Consellería, que para o efecto sexa designada pola respectiva xefatura territorial.*”
A comisión de selección estará formada por catro persoas, dúas en representación da Xefatura Territorial da Consellería de Economía, Emprego e Industria da Coruña e dúas en representación da entidade promotora.

Os membros do tribunal son:

1)-Concello de Carballo - Servizo de Formación e Emprego
Lorenzo Pose, Juan José 76.357.740 V
Antelo Cameán, Milagos 46.908.860 S

2)- Pola Consellería de Economía, Emprego e industria (Servizo Público de emprego de Galicia, Oficina de Emprego de Carballo)
Lubián Dubra, Benigno 32.451.878 M (Presidente do grupo mixto)

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)

Rodríguez Mariño, Consuelo 52.435.460 Z

Se por calquera causa, no momento no que teñan lugar as reunións do grupo de traballo mixto, algún compoñente non puidera acudir, poderá ser substituído por quen designen dende a Xefatura Territorial da Consellería de Economía, Emprego e Industria da Coruña ou a entidade promotora, segundo sexa o caso. Nembargantes, o grupo de traballo considerárase validamente constituído coa participación nas sesións de traballo de, polo menos, tres dos compoñentes. As decisións adoptaranse por maioría simple do grupo validamente constituído. Ademais, a persoa designada como presidente disporá de voto de calidade se fora necesario dirimir os posibles empates nas votacións.

As reunións do Grupo de traballo mixto recolleranse nas actas correspondentes.

O tribunal poderá dispoñer a incorporación de asesores especialistas para as probas que estime pertinentes, que se limitarán o exercicio das súas especialidades técnicas en base exclusivamente as cales colaborarán co órgano de selección.

O tribunal queda facultado para resolver as dúbidas que se presenten e tomar os acordos necesarios para a boa orde do proceso selectivo en todo o non previsto nas bases.

Os membros dos tribunais deberán absterse de formar parte destes cando concurran as circunstancias previstas no artigo 23 de a Lei 40/2015, de 1 de outubro de Réxime Xurídico do sector público, notificándollo á autoridade convocante, ou cando realizaran tarefas de preparación a probas selectivas nos cinco anos anteriores á publicación desta convocatoria.

Os/as aspirantes poderán recusalos de acordo co artigo 24 da mencionada lei.

Para os efectos de percepción de asistencias polos membros concorrentes ás sesións dos tribunais, estes estarán clasificados nas categorías que establece o número 1 do artigo 30 do Decreto 462/2002, do 24 de maio, sobre indemnizacións por razón do servizo.

Sétima.- Procedemento para a selección dos aspirantes.

O Tribunal seleccionará aos aspirantes mediante o sistema de concurso-oposición e que se desenvolverá como se indican nos anexos I, II, III e IV.

Para a selección de persoal encargado da xestión e desenvolvemento do obradoiro, o Concello de Carballo tramitará as correspondentes ofertas de emprego na Oficina de emprego de Carballo para a obtención dos currículos a avaliar.

Nas ditas ofertas adecuaranse os perfís das persoas solicitadas a os baremos que se achegan nas páxinas seguintes. As persoas candidatas forzosamente deberán estar inscritas como demandantes de emprego e terá preferencia quen, en igualdade de condicións de cumprimento do perfil requirido, se atope en situación de desemprego (artigo 11.7).

O ámbito da sondaxe será o Concello de Carballo, ampliándose, no caso de non se obter o número de candidaturas suficientes, a outros concellos do ámbito territorial da Oficina de emprego de Carballo, segundo o sistema de xestión de ofertas do Servizo Público de Emprego de Galicia.

A oficina de emprego poñerase en contacto coas persoas preseleccionados, indicándolles a forma, lugar e prazo de presentación da documentación acreditativa dos méritos avaliábeis relacionados no currículo:

- A titulación académica, xustificada co correspondente título académico oficial.

- Os cursos realizados, que se xustificaran cos correspondentes diplomas.
- A experiencia profesional, que deberá xustificarse:
 - Traballo por conta allea: Contratos de traballo ou coa vida laboral expedida pola Seguridade Social se pode acreditarse a categoría profesional desempeñada. Computaranse as horas efectivas traballadas.
 - Traballadores autónomos: Alta no imposto de actividades económicas xunto coa vida laboral.
 - Traballos no estranxeiro: Certificación oficial na que conste a profesión desempeñada e os períodos traballados.

As persoas candidatas preseleccionadas que non cumpran cos requisitos, ben de titulación, ben experiencia profesional, quedarán excluídas do proceso selectivo, polo que o seu currículo non será obxecto de baremo, nin terá lugar a entrevista. Para xustificación de experiencia haberá que aportar sempre a vida laboral actualizada que a reflecta.

Tendo en conta a dificultade da coordinación do Grupo de traballo mixto pola premura do tempo de xestión, este grupo decide que as fases de valoración de méritos e a entrevista persoal sexan realizadas nun único acto, xestionándose así directamente as candidaturas na fase da entrevista, non perxudicando polo tanto esta decisión a ningunha delas.

Oitava.-Proposta de aprobados/as.

Concluída a cualificación final do proceso selectivo, o Tribunal publicará no citado taboleiro de anuncios o nome dos/as aspirantes aprobados/as por orde da puntuación total final, con especificación desta. Así mesmo, o Tribunal elevará esta relación, coa acta da sesión, ao Alcalde para proceder á formalización dos contratos correspondentes, a favor dos/as aspirantes que obtiveran a puntuación total máis alta (o Tribunal Cualificador non poderá facer proposta de contratación a favor dun número de aspirantes superior ao das prazas convocadas). Calquera proposta que inclúa máis nomes que prazas convocadas ou contradiga o anteriormente establecido, será nula de pleno dereito.

Novena.- Presentación de documentos.

Os/as aspirantes incluídos na proposta de contratación do Órgano de Selección presentarán, no prazo de tres (3) días naturais, os documentos que acrediten que cumpren todos e cada un dos requisitos esixidos na base 3ª desta convocatoria, fotocopia do DNI, tarxeta de demandante de emprego e tarxeta da seguridade social.

Se dentro do prazo indicado, salvo casos de forza maior, os/as aspirantes propostos/as non presentaran a súa documentación ou non acreditaran reunir os requisitos esixidos, non se poderá proceder á súa contratación, e quedarán anuladas todas as súas actuacións, sen prexuízo das responsabilidades en que puidera ter incorrido por falsidade na instancia ou na documentación presentada para tomar parte neste proceso selectivo.

Décima.- Formalización de contrato.

Unha vez presentada a documentación á que se refire o apartado anterior, o órgano competente da Corporación procederá á contratación a favor dos/as aspirantes propostos/as polo Tribunal Cualificador, e será nula a contratación de quen estea incurso en causas de incapacidade específica conforme á normativa vixente.

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)

CONCELLO DE CARBALLO
C.I.F.: P1501900C
Praza do Concello S/N
Teléfono 981 70 41 00
www.carballo.gal
infocarballo@carballo.gal
15100 CARBALLO - A Coruña



2017/X999/000927
Exp. 2017/G003/000702

A formalización dos contratos terá lugar dentro do prazo de tres días naturais, a contar desde a data de notificación do acordo de contratación.

Previamente á sinatura dos contratos, os/as aspirantes contratados/as deberán subscribir a declaración á que se refire o artigo 13.1 do Real Decreto 598/1985, de 30 de abril, sobre incompatibilidades.

Os/as aspirantes seleccionados/as deberán incorporarse ao seu traballo no prazo máximo de tres días naturais dende que sexan requiridos para elo.

Mentres non se formalicen os respectivos contratos e non se incorporen aos posto de traballo, os/as aspirantes non terán dereito a percepción económica de ningunha clase.

As persoas contratadas estarán obrigadas a prestar a súa xornada de traballo na medida e forma requiridas polo interese do servizo, de acordo coa lexislación aplicable, e quedarán sometidas a un período de proba, co alcance previsto no artigo 14 do Estatuto dos Traballadores, e estarán suxeitas á lexislación laboral pertinente.

Décimo primeira.- Publicidade do proceso selectivo

A publicidade dos distintos actos derivados deste proceso selectivo, así como as comunicacións a que dese lugar, realizaranse mediante publicación no taboleiro de edictos deste Concello, sen prexuízo de calquera outro medio de difusión que se considere oportuno.

Protección datos de carácter persoal. De conformidade co disposto na Lei Orgánica 15/199, de 13 de decembro, de Protección de Datos de carácter persoal, infórmase de que os datos persoais serán incorporados a un ficheiro de titularidade do Concello de Carballo, autorizando ao tramento dos mesmos, para a súa utilización en relación có desenvolvemento do proceso selectivo. Poderanse exercitar os dereitos de acceso, rectificación ou cancelación dos enviando unha solicitude por escrito, acompañada de fotocopia de DNI, dirixida ao Concello de Carballo, Praza do Concello s/n, 15100, Carballo.

Décimo segunda.- Normas finais.

Para todo o non previsto nestas bases, ou naquilo que as contradigan, será de aplicación supletoria o establecido na Lei reguladora das bases de réxime local, na Lei de administración local de Galicia, Real Decreto 896/1991, Real Decreto 364/1995, e demais lexislación vixente que sexa de aplicación.

Tódolos actos administrativos derivados desta convocatoria, así como da actuación do Tribunal, poderán ser impugnados polas/os interesadas/os nos casos e na forma establecidos pola Lei de procedemento administrativo e normas vixentes concordantes.

Sen prexuízo do carácter administrativo dos actos que integran o procedemento da selección fiscalizables ante a xurisdición contencioso-administrativo, o réxime xurídico dos contratos será a da lexislación laboral, correspondendo aos xulgados do social o coñecemento das cuestións que se deriven do incumprimento dos mesmos.

Segundo.- Convocar o proceso de selección de persoal laboral temporal regulado nas bases arriba aprobadas.

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)

CONCELLO DE CARBALLO
C.I.F.: P1501900C
Praza do Concello S/N
Teléfono 981 70 41 00
www.carballo.gal
infocarballo@carballo.gal
15100 CARBALLO - A Coruña



2017/X999/000927
Exp. 2017/G003/000702

Anexo I: O/A Director/a (a tempo completo)

1)Funcións

Encargarase da coordinación xeral do obradoiro de emprego e dos medios humanos e materiais, sendo a persoa responsable das relacións co exterior: Consellería de Economía, Emprego e Industria, entidade promotora e empresariado.

Levará a cabo a xestión e a supervisión económica do proxecto, así como das actuacións e servizos que se desenvolvan no mesmo. Así mesmo, coordinará e supervisará os aspectos técnicos e formativos do proxecto e do traballo administrativo, e responsabilizarase de que se imparta a formación en prevención de riscos laborais.

En xeral estará encargado do bo funcionamento do Obradoiro, concretamente:

- Elaborar, xunto co equipo docente, a proposta do plan de actuacións
- Presentar ante a Xefatura Territorial da Consellería de Economía, Emprego e Industria e ante os Concello de Carballo as memorias periódicas e finais, os datos da xestión orzamentaria da execución das actuacións, e a preparación da información e documentación necesaria para a compra ou alugueiro de material ou maquinaria.
- Coordinar a programación didáctica, de conformidade co plan formativo do proxecto e o certificado de profesionalidade.
- Supervisar a formación do alumnado-traballador/a e a labor educativa do persoal docente.
- Facilitar a inserción laboral do alumnado durante e unha vez rematado o proxecto.
- Controlar o cumprimento das obrigas de todo o persoal do obradoiro, asistencias, puntualidade, comportamento no posto de traballo; todo en consonancia co regulamento de dereitos e deberes do alumnado.
- Propoñer, organizar e coordinar as actividades complementarias de carácter formativo do alumnado-traballador/a.
- Velar polo cumprimento das normas de seguridade e saúde no traballo, encargando ao resto do persoal docente e de apoio o control directo do mesmo.

2)Requisitos mínimos

Titulación requerida: En Arquitectura, mínima Diplomatura

Experiencia mínima de 12 meses.

3)Fase de Concurso: Valoración do currículo

Titulación académica:

Titulación universitaria ou equivalente relacionada e axeitada ao obradoiro:

- Diplomatura, 1 punto.
- Licenciatura ou grao, 1,5 puntos;

- Master, ata 500 horas: 0,75 puntos; máis de 500 horas: 1 punto
- Doutoramento: 1,25 puntos
- Título técnico superior da rama correspondente, ou equivalente: 0,30 puntos.
- Título técnico da rama correspondente, ou equivalente: 0,15 puntos.

A titulación mínima esixida unicamente se terá en consideración para determinar a admisión do/a aspirante.

Esta puntuación é acumulable, sendo a máxima posible **2 puntos**.

Experiencia profesional

- Experiencia profesional en postos similares desenvolvidos en escolas obradoiro, casas de oficios, obradoiros de emprego ou formación ocupacional: 0,50 puntos por cada 6 meses traballados ata un máximo de 4 puntos.
- Experiencia profesional en postos similares adquirida fóra do ámbito das escolas obradoiro, casas de oficios, obradoiros de emprego ou formación ocupacional: 0,25 puntos por cada 6 meses traballados ata un máximo de 3 puntos.

Terase unicamente en conta neste apartado o tempo que exceda do cualificado como "requisitos mínimo" indicados para poder acceder á oferta de traballo.

A puntuación máxima que se pode acadar son **7 puntos**.

Cursos realizados

Valoraranse unicamente os relacionados coas funcións a desenvolver e que tiveran unha duración mínima de 20 horas lectivas:

- Cursos de 20 a 99 horas lectivas: 0,10 por curso
- Cursos de 100 ou máis horas lectivas; 0,20 puntos por curso
- Aqueles cursos nos que non se especifica o número de horas non se valorarán.
- A asistencia a xornadas, conferencias, congresos, etc. non puntuarán.

A puntuación máxima que se pode acadar son **2 puntos**.

Coñecementos do idioma galego:

- Celga 3 ou equivalente: 0,5 puntos
- Celga 4 ou equivalente: 0,75 puntos
- Celga 5: 1 punto

Só serán obxecto de valoración aqueles cursos ou titulacións homologadas pola Secretaría Xeral de Política Lingüística dependente da Presidencia da Xunta de Galicia. Teranse unicamente en consideración o grao superior dos presentados.

A puntuación máxima a obter por este apartado será de ata **1 punto**.

Antigüidade como desempregado/a:

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garátese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)

CONCELLO DE CARBALLO
C.I.F.: P1501900C
Praza do Concello S/N
Teléfono 981 70 41 00
www.carballo.gal
infocarballo@carballo.gal
15100 CARBALLO - A Coruña



2017/X999/000927
Exp. 2017/G003/000702

Valoraranse cada 6 meses, mediante certificado de vida laboral, con 0,50 puntos.

A puntuación máxima que se poderá acadar por este apartado é de **2 puntos**.

Fase de Oposición: Entrevista:

Na que se valorarán as aptitudes e capacidades persoais para desempeñar o posto de traballo obxecto da convocatoria. Puntuarase ata un máximo de **6 puntos**.

4)Puntuación final

As persoas candidatas seleccionadas serán as que obteñan a maior puntuación, unha vez sumadas as puntuacións obtidas polo currículo persoal e a entrevista.

No caso de empate será de aplicación a instrución décimo-sexta da circular 6/2000 do Director Xeral de Fomento do Emprego modificada pola circular 2/2002 :

Para dirimir os posibles empates entre as puntuacións obtidas por dous o máis candidatos en cada unha das fases do proceso selectivo, así como nas puntuacións finais, estarase a os seguintes criterios:

- 1.- *O maior tempo acreditado como desempleado*
- 2.- *A puntuación acadada nas probas de aptitude e/ou coñecementos, de terse realizado*
- 3.- *A puntuación obtida no apartado de experiencia profesional*
- 4.- *A puntuación outorgada no apartado de experiencia docente*
- 5.- *A puntuación correspondente ás titulacións universitarias*
- 6.- *A puntuación resultante no apartado de coñecementos do idioma galego*
- 7.- *A puntuación obtida no apartado de cursos realizados*

Determinada a cualificación final dos aspirantes o tribunal fará pública a relación de aprobados por orde de puntuación nos taboleiros de anuncios de ambos organismos participantes no tribunal.

Anexo II: Mestre/a para impartir Traballos de Carpintería e Moble (MAMD0209)(a tempo completo)

1)Funcións

Impartir a educación correspondente ao oficios e de actuar como mestre da súa especialidade nas actuacións que se leven a cabo como práctica profesional no obradoiro.

- A) Elaborar xunto coa dirección a programación didáctica das respectivas áreas ou módulos formativos do certificado de profesionalidade.
- B) Desenvolver, cumprir e impartir o programa formativo na aula e nas actuacións a executar. Incluirá a preparación previa dos contidos teórico-prácticos e a realización das actividades correspondentes.
- C) Responsabilizaranse da aprendizaxe do alumnado-traballador, do regulamento de réxime interno (asistencia, puntualidade, actitude...) e das normas de seguridade e saúde en particular.
- D) Encargarase da impartición do módulo de Riscos Laborais
- E) Notificará á dirección do obradoiro as incidencias das que teña coñecemento.
- F) Responsabilizaranse do mantemento, conservación e custodia dos materiais, ferramentas e maquinaria que lles sexan asignados, así como a organización da aula-taller e espazos de execución dos traballos.
- G) Cursarán á dirección do obradoiro as solicitudes de compra de materiais, ferramentas e maquinaria necesarios para o normal desenvolvemento da súa actividade.
- H) Contribuirán á orientación profesional e laboral do alumnado-traballador.

2)Requisitos mínimos

Nivel académico: os establecidos no RD 1717/2011, do 20 de maio, que regula o certificado de profesionalidade da especialidade:

- Licenciado, ingeniero, arquitecto o el título de grado correspondiente u otros títulos equivalentes.
- Diplomado, ingeniero técnico, arquitecto técnico o el título de grado correspondiente u otros títulos equivalentes
- Técnico Superior de la familia profesional de Madera, Mueble y Corcho.
- Certificados de Profesionalidad de nivel 3 del área Profesional de Transformación madera y corcho de la familia profesional de Madera, Mueble y Corcho

Experiencia profesional: a esixida nos certificados de profesionalidade para a impartir de docencia acreditarase en horas efectivas traballadas (1 ano no caso de contar con acreditación, 4 anos nos restantes casos).

3)Fase de Concurso: Valoración do currículo

Titulación académica

Titulación universitaria ou equivalente relacionada e axeitada ao obradoiro:

- Diplomatura , 1 punto
- Licenciatura ou grao, 1,5 puntos
- Máster universitario ata 500 horas: 0,75 puntos, máis de 500 horas: 1 punto

- Doutoramento: 1,25 puntos
- Título técnico superior da rama correspondente, ou equivalente: 0,30 puntos.
- Título técnico da rama correspondente, ou equivalente: 0,15 puntos

A titulación mínima esixida unicamente se terá en consideración para determinar a admisión do aspirante.

Esta puntuación é acumulable, sendo a máxima posible **2 puntos**.

Experiencia profesional:

- Experiencia profesional en postos similares desenvolvidos en escolas obradoiro, casas de oficios, obradoiros de emprego ou formación ocupacional: 0,50 puntos por cada 6 meses traballados ata un máximo de 4 puntos.
- Experiencia profesional en postos similares adquirida fóra do ámbito das escolas obradoiro, casas de oficios, obradoiros de emprego ou formación ocupacional: 0,25 puntos por cada 6 meses traballados ata un máximo de 3 puntos.

Terase unicamente en conta neste apartado o tempo que exceda do cualificado como “requisitos mínimo” indicados para poder acceder á oferta de traballo.

A puntuación máxima que se pode acadar no apartado de experiencia profesional é de **7 puntos**.

Cursos realizados:

Os cursos relacionados coas funcións a desenvolver, sempre que tiveran unha duración mínima de 20 horas lectivas valoraranse como segue:

- Cursos de 20 a 99 horas lectivas: 0,10 por curso
- Cursos de 100 ou máis horas lectivas; 0,20 puntos por curso
- Aqueles cursos nos que non se especifica o número de horas non se valorarán.
- A asistencia a xornadas, conferencias, congresos, etc. non se baremará.

A puntuación máxima é de **1 punto**.

Cursos de formación

- Curso de *especialización docente* (100 horas): 0,50 puntos
- Curso de *metodoloxía didáctica* (150 horas): 0,75 puntos
- Curso de *formador de formadores* (400 horas): 1 punto
- Curso de *C.A.P, ou equivalente (máster en secundaria)*: 1 punto
- Curso de *Docencia da Formación Profesional para o Emprego (SSCE0110)*: 1 punto

A puntuación máxima é **1 punto**.

Coñecementos do idioma galego:

- Celga 3 ou equivalente: 0,5 puntos

- Celga 4 ou equivalente: 0,75 puntos
- Celga 5: 1 punto

Só serán obxecto de valoración aqueles cursos ou titulacións homologadas pola Secretaría Xeral de Política Lingüística dependente da Presidencia da Xunta de Galicia. Teranse unicamente en consideración o grao superior dos presentados.

A puntuación máxima a obter por este apartado será de ata **1 punto**.

Antigüidade como desempregado/a

Valoraranse cada 6 meses, mediante certificado de vida laboral, con 0,50 puntos.

A puntuación máxima é de **2 puntos**.

Fase de Oposición: Entrevista

Na que se valorarán as aptitudes e capacidades persoais para desempeñar o posto de traballo obxecto da convocatoria. Puntuarase ata un máximo de **6 puntos**.

4)Puntuación final

As persoas candidatas seleccionadas serán as que obteñan a maior puntuación, unha vez sumadas as puntuacións obtidas polo currículo persoal e a entrevista. No caso de empate será de aplicación a instrución décimo-sexta da circular 6/2000 do Director Xeral de Fomento do Emprego modificada pola circular 2/2002:

Para dirimir os posibles empates entre as puntuacións obtidas por dous o máis candidatos en cada unha das fases do proceso selectivo, así como nas puntuacións finais, estarase a os seguintes criterios:

- 1.- *O maior tempo acreditado como desempregado*
- 2.- *A puntuación acadada nas probas de aptitude e/ou coñecementos, de terse realizado*
- 3.- *A puntuación obtida no apartado de experiencia profesional*
- 4.- *A puntuación outorgada no apartado de experiencia docente*
- 5.- *A puntuación correspondente ás titulacións universitarias*
- 6.- *A puntuación resultante no apartado de coñecementos do idioma galego*
- 7.- *A puntuación obtida no apartado de cursos realizados.*

Determinada a cualificación final dos aspirantes o tribunal fará pública a relación de aprobados por orde de puntuación nos taboleiros de anuncios de ambos organismos participantes no tribunal.

Anexo III: Mestre/a de Ensino de Educación Básica (a media xornada)

1)Funcións

Realizará labores de titoría do alumnado e coordinará todas as accións formativas do obradoiro cos docentes. Así mesmo, encargarase da preparación do alumnado traballador que non conte coa titulación para a obtención do título de ESO.

- Impartir o contido formativo relacionado cos ámbitos científico, comunicación e social, en coordinación co resto do persoal docente do proxecto.
- Planificación e elaboración do material didáctico que se vai usar, así como solicitar o material e o equipamento necesarios para impartir a formación.
- Avaliación da acción formativa ao longo do desenvolvemento da mesma. Redacción das actas e exames
- Seguimento do alumnado (asistencias, puntualidade...) e titorías individuais ou grupais co alumnado

2)Requisitos mínimos

Nivel académico: Mestre/a de educación primaria ou titulación equivalente, segundo o recollido no RD 476/2013, de 21 de xuño, de cualificación para os centros privados.

Experiencia profesional: 12 meses nas materias das que será responsable de impartir.

3)Fase de Concurso: Valoración do currículo

Titulación académica

Titulación universitaria ou equivalente relacionada coa que se oferte a máis axeitada ao obradoiro:

- Diplomatura universitaria 1 punto.;
- Licenciatura ou grao, 1,5 puntos
- Máster, ata 500 horas: 0,75 puntos, máis de 500 horas: 1 punto
- Doutoramento: 1,25 puntos
- Título técnico superior da rama correspondente, ou equivalente: 0,30 puntos.
- Título técnico da rama correspondente, ou equivalente: 0,15 puntos

A titulación mínima esixida unicamente se terá en consideración para determinar a admisión do aspirante.

Esta puntuación é acumulable, sendo a máxima posible **2 puntos**.

Experiencia profesional

- Experiencia profesional en postos similares desenvolvidos en escolas obradoiro, casas de oficios, obradoiros de emprego ou formación ocupacional: 0,50 puntos por cada 6 meses traballados, ata un máximo de 4 puntos.
- Experiencia profesional en postos similares adquirida fóra do ámbito do punto anterior: 0,25 puntos por

cada 6 meses traballados, ata un máximo de 3 puntos.

Terase unicamente en conta neste apartado o tempo que exceda do cualificado como "requisitos mínimo" indicados para poder acceder á oferta de traballo.

A puntuación máxima deste apartado son **7 puntos**.

Cursos realizados

Os cursos relacionados coas funcións a desenvolver, sempre que tiveran unha duración mínima de 20 horas lectivas valoraranse como segue:

- Cursos de 20 a 99 horas lectivas: 0,10 por curso
- Cursos de 100 ou máis horas lectivas; 0,20 puntos por curso
- Aqueles cursos nos que non se especifica o número de horas non se valorarán.
- A asistencia a xornadas, conferencias, congresos, etc. non se puntuará.

A puntuación máxima que se pode acadar é de **1 punto**.

Cursos específicos para o posto

- Curso de *especialización docente* (100 horas): 0,50 puntos
- Curso de *metodoloxía didáctica* (150 horas): 0,75 puntos
- Curso de *formador de formadores* (400 horas): 1 punto
- Curso de *C.A.P. (máster en secundaria)*: 1 punto
- Curso de *Docencia da Formación Profesional para o Emprego (SSCE0110)*: 1 punto

A puntuación máxima é **1 punto**.

Coñecemento do idioma galego

- Celga 3 ou equivalente: 0,5 puntos
- Celga 4 ou equivalente: 0,75 puntos
- Celga 5: 1 punto

Só serán obxecto de valoración aqueles cursos ou titulacións homologadas pola Secretaría Xeral de Política Lingüística, dependente da Presidencia da Xunta de Galicia. Valorarase unicamente o grao superior aportado.

A puntuación máxima a obter por este apartado será de ata **1 punto**.

Antigüidade como desempleado

Valoraranse cada 6 meses, mediante certificado de vida laboral, con 0,50 puntos.

A puntuación máxima é de **2 puntos**.

Fase de Oposición: Entrevista

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)

CONCELLO DE CARBALLO
C.I.F.: P1501900C
Praza do Concello S/N
Teléfono 981 70 41 00
www.carballo.gal
infocarballo@carballo.gal
15100 CARBALLO - A Coruña



2017/X999/000927
Exp. 2017/G003/000702

Na que se valorarán as aptitudes e capacidades persoais para desempeñar o posto de traballo obxecto da convocatoria. Puntuarase ata un máximo de **6 puntos**.

4)Puntuación final

O candidato seleccionado será o que obteña a maior puntuación, unha vez sumadas as puntuacións obtidas polo currículo persoal e a entrevista. No caso de empate será de aplicación a instrucción décimo-sexta da circular 6/2000 do Director Xeral de Fomento do Emprego, modificada pola circular 2/2002:

Para dirimir os posibles empates entre as puntuacións obtidas por dous o máis candidatos en cada unha das fases do proceso selectivo, así como nas puntuacións finais, estarase a os seguintes criterios:

- 1.- *O maior tempo acreditado como desempleado*
- 2.- *A puntuación acadada nas probas de aptitude e/ou coñecementos, de terse realizado*
- 3.- *A puntuación obtida no apartado de experiencia profesional*
- 4.- *A puntuación outorgada no apartado de experiencia docente*
- 5.- *A puntuación correspondente ás titulacións universitarias*
- 6.- *A puntuación resultante no apartado de coñecementos do idioma galego*
- 7.- *A puntuación obtida no apartado de cursos realizados*

Determinada a cualificación final dos aspirantes o tribunal fará pública a relación de aprobados por orde de puntuación nos taboleiros de anuncios de ambos organismos participantes no tribunal.

Anexo IV: Alumnado- Traballador/a

O Concello de Carballo tramitará á correspondente oferta na Oficina de emprego de Carballo, para logo proceder á selección definitiva das persoas candidatas polo grupo mixto. Dita selección sairá da aplicación do baremo establecido a continuación, por medio do que serán avaliadas as circunstancias persoais e profesionais das candidaturas remitidas pola oficina de emprego.

Parámetros da Oferta de emprego

Idade mínima: 18 anos

Localidade: Ámbito do Concello de Carballo. No caso de non atoparse candidatos/as suficientes, a sondaxe ampliaríase a concellos limítrofes, dando prioridade a aqueles concellos que non teñan proxectos de obradoiros de emprego.

Situación Laboral: Persoas desempregadas inscritas no ficheiro do Sistema Nacional de Garantía Xuvenil no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia, sen que se requira a súa inscrición como demandantes de emprego, sempre que cumpran os requisitos establecidos na normativa reguladora do contrato para a formación e aprendizaxe durante toda a duración do obradoiro.

Candidaturas: 3 por praza, de seren posible. Entre demandantes de emprego co código 340, "Obradoiros de emprego"; ou 370, "Formación ocupacional".

Para a fase de concurso o Baremo Selección será o seguinte:

Critérios	Puntos	
Ter planificado no seu Itinerario Profesional de Inserción a súa participación nestes programas	6	
Persoas beneficiarias que non recibiran previamente atención polo sistema	4	
Discapacidade \geq 33%	1	
Idade	De 18 ata 20 anos	0,5
	De 20 ata 22 anos	1
	De 22 ata 24 anos	2
	De 24 ata < 30 anos	3
	Ningunha	3
Experiencia laboral	Ata 12 meses	2
	\geq 12 meses	1
Nivel de cualificación	Baixa (que non posúan un carné profesional certificado de profesionalidade de nivel 2 ou 3,	3

	título de F.P. ou titulación universitaria)	
profesional	Media (que posúan un carné profesional, certificado de profesionalidade de nivel 2 ou FP ciclo medio)	1,5
	Alta (que posúan certificado de profesionalidade de nivel 3, título de FP de ciclo superior ou titulación universitaria)	0,5
Entrevista	Entrevista persoal co obxectivo de avaliar o seu interese en participar no proxecto e as súas aptitudes e capacidades, tanto as de carácter xeral coma as relativas á súa adecuación as singularidades do proxecto formativo.	8

O grupo de traballo mixto deberá aplicar os criterios preferentes de selección que figuran nos artigos 2 e 10 da Orde do 29 de decembro de 2015, (DOG núm 248, do 30 de decembro de 2015) e no artigo 105.3 da Lei 1/(2014, de 15 de outubro, de aprobación de medidas urxentes para o crecemento, a competitividade e a eficiencia e no Programa operativo de emprego xuvenil 2014-2020, segundo baremo que se xunta.

Quedarán excluídas do proceso de selección, incluso no caso de seren elixidas, aquelas persoas das que se detectara que aportaran como xustificantes calquera tipo de documentación que non reflecta a súa situación en dito momento. Ademáis, o grupo de traballo mixto poderá excluír do proceso selectivo quen tivera participado anteriormente nunha escola obradoiro ou obradoiro de emprego.

Para a fase de oposición:

Como parte do proceso de selección realizarase unha entrevista persoal para avaliar o seu interese en participar no proxecto e aptitudes e capacidades, tanto as de carácter xeral coma as relativas á súa adecuación ás singularidades do proxecto formativo. Nembargantes, o grupo de traballo mixto poderá optar por substituír a entrevista persoal por un procedemento de selección consistente nunha reunión na que serán citados todas as persoas candidatas preseleccionadas, para seren sometidas a un cuestionario previamente aprobado polo grupo de traballo mixto.

Os aspirantes deberán presentarse para realizaren cada exercicio provistos do DNI, ou documento fidedigno acreditativo da súa personalidade a xuízo do tribunal, e tamén os medios materiais adecuados que sexan necesarios para a práctica daqueles.

Comezada a práctica dos exercicios, os tribunais poderán requirirles en calquera momento aos/ás concursantes que acrediten a súa identidade.

Se durante o desenvolvemento do proceso selectivo chegase a coñecemento do tribunal que algún dos/as aspirantes carece de calquera dos requisitos esixidos na convocatoria, será excluído, previa audiencia do interesado, comunicándoo no mesmo día á autoridade que convocara o proceso selectivo.

A orde de actuación dos/as aspirantes naqueles exercicios que non poidan celebrarse conxuntamente iniciarase alfabeticamente por aqueles cuxo primeiro apelido empece pola **letra k**, de conformidade có establecido na resolución da

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)

CONCELLO DE CARBALLO
C.I.F.: P1501900C
Praza do Concello S/N
Teléfono 981 70 41 00
www.carballo.gal
infocarballo@carballo.gal
15100 CARBALLO - A Coruña



2017/X999/000927
Exp. 2017/G003/000702

Consellaría de Facenda, do 20 de xaneiro de 2017, pola que se publica o resultado do sorteo celebrado nese día (DOG 30/01/2017) en cumprimento co disposto no artigo 9 do Regulamento de selección de persoal da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia de 20/03/1991. De non contar aspirantes cuxo primeiro apelido empece pola letra indicada, iniciarase a orde de actuación pola letra ou letras seguintes. o 01/02/2011.

En todo caso, o tribunal seleccionador velará, sempre que sexa posible e se cumpra cos criterios establecidos neste proceso de selección, polo equilibrio de xénero no acceso.

Na listaxe final publicitarase os/as traballadores/as propostos para a contratación/as e os/as suplentes que accederán ás vacantes que poidan xurdir .A orde de colocación dos/as aspirantes na lista definitiva de aprobados/as establecerase de maior a menor puntuación.

O grupo de traballo redactará a correspondente acta resultado da selección e a remitirá á xefatura territorial (Servizo de Orientación e Promoción Laboral), acompañada da relación do alumnado admitido e excluído indicando, neste último caso, a causa da súa exclusión.

Mediante este documento notifícaselle a vostede, pola súa condición de persoa interesada, en cumprimento do establecido no artigo 40 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas e de conformidade co establecido no artigo 194 do RD 2568/86, do 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais.

Documento asinado dixitalmente na data que figura ao marxe.

Secretario Accidental
María Lorena Rey Paulos